



CONCURSO NOVA SEDE DA DELEGACION DO COAG EN OURENSE

© COAG 2011

Índice do concurso

A. INFORMACIÓN

• BASES

- 1 obxecto e tipo de concurso
- 2 entidade convocante
- 3 destinatarios do concurso
- 4 xurado
- 5 premios
- 6 calendario
- 7 presentación e documentación
- 8 lugar e prazo de presentación
- 9 fallo do concurso
- 10 encargo definitivo
- 11 propiedade dos traballos
- 12 obrigas dos concursantes
- 13 idioma
- 14 réxime xurídico e protección de datos
- 15 propiedade intelectual
- 16 programa de necesidades

• ANEXOS

- | | |
|-------------|---|
| anexo I_ | modelo de solicitude de participación |
| anexo II_ | declaración responsable da capacidade de obrar, solvencia, e non incorrer en ningunha das prohibicións sinaladas no art. 49 da LCSP |
| anexo III_ | compromiso de constitución en unión temporal de empresas (UTE) |
| anexo IV_ | fax de anuncio de presentación das propostas por correo |
| anexo V_ | membros e porcentaxes de participación dos membros do equipo |
| anexo VI_ | memoria valorada do proxecto |
| anexo VII_ | recibo de entrega |
| anexo VIII_ | vocal no xurado dos concursantes |

B. DOCUMENTACIÓN

• DOCUMENTACIÓN

1. Situación. Fotos aéreas.
2. Plano de estado actual
3. Fotos do interior e do exterior.
4. Planos mobiliario da sede actual
5. Fotos mobiliario da sede actual

• ANEXOS

1. Informe técnico
2. Normativa técnica a considerar

1 obxecto e tipo de concurso

O obxecto definido nas presentes bases é o de convocar un concurso e selección da PROPOSTA máis axeitada, segundo o xuízo do xurado, para a reforma do baixo que albergará a NOVA SEDE da Delegación de Ourense do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a nivel de anteproxecto de fase única, aberto, anónimo e con intervención de xurado, regulado no art. 168 e ss. da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos (LCSP), a resultas do que, o gañador elaborará, o proxecto técnico esixible, e desenvolverá a dirección, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde da obra a realizar.

O baixo obxecto do concurso encóntrase na Rúa Evilés de Taramancos, nº 38 da cidade de Ourense, nun baixo comercial nun edificio de nova construción. O inmovible que conta con 221,35 m² útiles con espazos interiores a tres niveis, ten forma sensiblemente rectangular e dá fachada por un dos seus lados ós espazos públicos do contorno (rúa Avilés de Taramancos e paseo fluvial do río Barbaña).

2. entidade convocante

Convoca este concurso o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Delegación de Ourense, con domicilio social na rúa Saenz Diez, 7 Baixo, coa coordinación da oficina de concursos do COAG.

3. destinatarios do concurso

De acordo co que se establece nos artigos 170 e 172.2 da LCSP, poderán participar no concurso os arquitectos, españois ou non, que se achen facultados legalmente para exercer a profesión no territorio español, e que non se encontren incursos en ningunha causa de incompatibilidade para a redacción deste proxecto nin para contratar coas administracións públicas. Poderán participar individualmente, asociados en UTE, ou formando equipos multidisciplinares, neste último suposto baixo calquera forma societaria de carácter civil ou mercantil, debendo ser o director do equipo ou o encargado de dirixir os traballos un arquitecto.

Igualmente poderán participar persoas xurídicas cuxos fins sociais correspondan co obxecto do concurso, desde que o director do equipo ou o encargado de dirixir os traballos sexa un arquitecto. en calquera caso, será preciso ter plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ao obxecto do contrato (artigo 46 da LCSP), acreditar debidamente a súa solvencia económica, financeira e técnica a través dos medios de xustificación recollida nos artigos 63 e seguintes da LCSP, e que non se encontra comprendida en calquera das prohibicións para contratar coa administración, sinaladas no artigo 49 da LCSP. Só se poderá presentar unha proposta por persoa, non admitindo que unha mesma persoa participe en varios equipos, individualmente e mediante unha empresa, segundo o que se establece no artigo 129.3 da LCSP.

Non poderán participar neste concurso os membros do xurado, os seus asociados, os seus familiares con parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao. Tampouco poderá participar quen estea incursa nalgún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, sobre incompatibilidades de altos cargos, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre as incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou do artigo 49 da LCSP. Ningún concursante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do xurado durante o período do concurso. Estas circunstancias deberán acreditarse, mediante declaración responsable, como paso previo á percepción do premio.

4. xurado

Conforme ao que se establece no artigo 172 LCSP, o xurado estará formado por:

Presidente: O Sr. Tesoureiro da Delegación de Ourense, D. Ramón J. Valencia Hentshcel.

Vocais: Un Arquitecto designado polos concursantes.
Un arquitecto designado pola XG do COAG
O Sr. Secretario da Delegación de Ourense, D. Juan Carlos Touris Lores.
O Arquitecto de Visado da Delegación de Ourense, D. Anxo de la Puente

Secretario: O Sr. Secretario da Delegación de Ourense.

constitución e acordos

A súa constitución será declarada válida sempre que asistan, previa citación, o Presidente, o Secretario e a metade do resto dos seus membros. Os acordos, en caso de disparidade de criterios, resolveranse por votación decidida pola maioría dos votos emitidos. En caso de empate, realizarase unha nova deliberación e votación respecto das propostas empatadas, decidindo, no caso de que persista o empate, o voto do Presidente.

facultades

O xurado, previa análise e avaliación dos traballos presentados ao concurso, propondrá ao Presidente a súa resolución, atendendo, entre outros posibles, aos seguintes criterios que examinaranse expresamente:

- A funcionalidade da proposta. (ata 20 puntos)
- A sustentabilidade e aproveitamento de elementos constructivos e de mobiliario na proposta. (ata 20 puntos)
- A adecuación ao programa de necesidades. (ata 20 puntos)
- O cumprimento da normativa de aplicación. (ata 20 puntos)
- A viabilidade económica. (ata 20 puntos)

O Xurado razoará debidamente o fallo e poderá facer recomendacións de modificacións sobre a proposta seleccionada.

O fallo do Xurado será inapelable.

5. premios

Premio: Consistente no encargo do proxecto básico e de execución, dirección, dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde da obra de reforma do local en misión completa, por un importe total de honorarios de 9.000 euros+IVE, dos que 3.500+IVE corresponden á redacción do proxecto básico e de execución e o resto á dirección de execución, dirección e coordinación de seguridade e saúde da obra.

Catro Mencións a proposta do Xurado, con unha contía económica de 500 euros + IVE cada unha.

O concurso poderá ser declarado deserto.

6. calendario

convocatoria

Venres **24 de xuño de 2011**

bases

A partires do **luns 27 de xuño** a documentación do concurso poderá ser descargada libremente da páxina web do COAG: <http://www.coag.es>. Os canles de difusión da convocatoria do concurso será a circular e páxina web da sede do COAG, e no seu caso a da delegación.

Consultas

Ata a día 4 **de xullo**.

Calquera consulta que se necesite facer por parte dos concursantes poderá realizarse á coordinación do concurso, a través do correo electrónico concurso.sede.ourense@colexiodearquitectos.org.

As respostas iranse publicando na páxina web do concurso periodicamente.

visita ao local

○ **29 y 30 de xuño mércores e xoves, ás 17.00 horas**, prográmanse visitas ao local obxecto do concurso desde a actual sede da Delegación do COAG en Ourense.

presentación dos traballos

Ata ás **14,00 horas do martes 26 de xullo de 2011**.

anuncio das propostas admitidas

○ **martes 2 de agosto** será publicada na páxina web do concurso a relación dos lemas das propostas admitidas por resolución do Sr. Presidente do Xurado do Concurso.

resolución do concurso

○ xurado reunirse o **8 de agosto**, e o **mércores 10 de agosto de 2011**, darase traslado da resolución os premiados, e publicarase en circular do COAG así como a la páxina web do concurso.

retirada dos traballos non premiados

Os traballos non premiados poderán retirarse persoalmente ou por delegación escrita no prazo de dous meses desde o fallo do xurado. Enténdese que os autores dos traballos non recollidos no prazo estipulado renuncian implicitamente a eles.

7. presentación e documentación

Non hai inscrición previa á data límite de presentación de propostas. Toda a documentación (que compón os sobres nº1 e nº2) presentárase xunto co oficio anónimo do **anexo VII**, en embalaxes opacas, debidamente pechados, figurando no seu exterior as seguintes lendas:

sobre nº 1

"Concurso nova sede da delegación do COAG en Ourense" "contén os datos do concursante "
"lema:_____"

sobre nº 2

"Concurso nova sede da delegación do COAG en Ourense" "contén a documentación escrita e gráfica do concurso " "lema:_____ " (igual que o sobre nº1).

Non poderá figurar nin no exterior dos sobres nin no seu interior, nin no xustificante de remisión por Fax máis embaixo sinalado, nin en documento escrito, nin gráfico algún, referencia que permita identificar os membros do equipo redactor (coa excepción dos documentos identificadores contidos dentro do sobre nº 1) distinto do lema baixo o que preséntase, sendo a vulneración deste deber causa de exclusión.

contido sobre nº1

a_ solicitude de participación (segundo modelo anexo I)

b_ documentación acreditativa da personalidade do concursante.

De non ser colexiado ou sociedade habilitada do COAG, deberá presentarse orixinal ou copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente:

Se o participante é persoa física:

_ NIF ou documento que, se é o caso, substitúao regulamentariamente.

_ documento que acredite a súa colexiación no correspondente colexio profesional,

Se o participante é persoa xurídica: (Si non fora sociedade habilitada polo COAG)

_ Escritura de constitución ou modificación se é o caso, inscrita no rexistro mercantil cando este requisito fóra esixible conforme á lexislación vixente que lle sexa aplicable. De non ser esixible a inscrición no rexistro, a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional en que consten as normas por que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

_ Cif. _o representante da persoa xurídica deberá acompañar escrito de poder.

_ En caso de equipos multidisciplinares deberá acreditarse a colexiación no correspondente colexio oficial do director do equipo, ou do encargado de dirixir os traballos.

Unión temporal de empresarios: Poderanse presentar o concurso unións de profesionais ou empresarios que se constitúan temporalmente para ese fin, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do premio ao seu favor. Deberán presentar un escrito de compromiso conforme ao **anexo III**, en que se indique:

- _a participación de cada un deles na unión temporal;
- _a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar gañadores dos premios;
- _a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder bastante para exercer os dereitos e deberes derivados do concurso.

O devandito documento deberá estar asinado polas persoas físicas ou polos representantes das persoas xurídicas que así mesmo compón as mesmas. Ademais, cada un dos membros da UTE deberá presentar a documentación esixida para as persoas físicas ou xurídicas, segundo o caso, relacionadas nos puntos anteriores. a duración da unión temporal dos licitadores será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Concursantes estranxeiros: Os concursantes estranxeiros, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, deberán presentar a mesma documentación que os concursantes españois, coa asimilación que corresponda de acordo coas concordantes Leis do seu país.

Sen prexuízo do anterior, a acreditación da colexiación en colexio oficial substituirase polo título homologado, se tal homologación resultase necesaria, e polo compromiso, no caso de resultar gañador do primeiro premio, de solicitude de autorización ao correspondente colexio oficial para a redacción e dirección do proxecto. A documentación en todo caso presentárase traducida ao castelán ou galego. Si se tratase de estados signatarios do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio, deberán ademais acompañar informe da misión diplomática permanente de España ou do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado signatario do devandito acordo. No caso contrario, informe de reciprocidade do estado de orixe de que admite pola súa parte a participación de empresas españolas na contratación pública, en forma substancialmente análoga.

c_ declaración responsable

Esta declaración incluírá unha manifestación de encontrarse ao corrente do cumprimento dos deberes tributarios e coa seguridade social imposta polas disposicións vixentes (**anexo III**).

No caso de UTES, deberán presentar o devandito anexo ou documentación todos os membros da mesma. Para empresas estranxeiras, a declaración incluírá a sometemento expresa á xurisdición dos xulgados e tribunais españois, para todos os incidentes que de xeito directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

d_ enderezo postal, teléfono, Fax e enderezo de correo electrónico.

e_ en caso de presentarse en equipo

Deberanse indicar os nomes e, se é o caso, número de colexiación, con indicación do colexio correspondente, dos autores, así como as súas porcentaxes de participación. Deberá nomearse, entre os autores, un arquitecto director de equipo, que actuará como interlocutor do equipo coa organización do concurso. Poderán presentarse colaboradores, aínda que non se considerarán, a todos os efectos, como autores do proxecto. (segundo modelo **anexo v**)

f_ declaración responsable de que a proposta se axusta ao límite orzamentario (anexo VI)

g_ Anexo VIII de nomeamento no xurado dos concursantes.

contido do sobre nº 2_documentación do proxecto

a_ Unha memoria a tamaño UNE A4, que incluírá:

- unha memoria descritiva e xustificativa da proposta, describindo as estratexias de proxecto que se propoñen para cumprimentar os requirimentos ambientais, económicos e funcionais requiridos polo programa de necesidades e límites orzamentarios sinalados no **apartado 16** deste prego.
- Na esquina superior dereita das páxinas da memoria indicárase o lema da proposta

b_ Un panel sobre cartón pluma de tamaño UNE A1

- de composición libre (fotografías, imaxes, debuxos, planos...) que conterá, canto menos, unha planta e unha sección do local a escala 1/50 e un resumo da memoria xustificativa e construtiva. Non se admitirán maquetas nin presentacións vídeo gráficas. Na esquina superior dereita do panel indicárase o lema da proposta.

c_ Achegárase un CD

- que conterá a documentación da proposta, consistente en dous arquivos.pdf e/ou.jpg da memoria e do panel. Os arquivos nomearanse (lema) seguido de "1" para a memoria e (lema) seguido de "2" para o panel. Deberá prestarse especial atención, para preservar o anonimato, a que non apareza ningunha referencia distinta do lema do concurso nas propiedades dos arquivos dixitais presentados.

Non poderá figurar en ningún documento escrito nin gráfico referencia que permita identificar os membros do equipo redactor, distinto do lema baixo o que se presenta. Estes arquivos poderanse empregar tanto para posibles publicacións e exposicións posteriores, libres de dereitos de autor, como para compilar un CD que conteña todas as propostas.

8. lugar e prazo de presentación

Os equipos ou arquitectos participantes só poderán presentar unha proposta. A entrega efectuarase en man na sede do Colexio Oficial de Arquitectos en Ourense, Rúa Saénz Díez, nº 7. Baixo - 32003, Ourense. Tfno. 988210553., ou enviándoa por correo certificado á mesma dirección, en ambos os dous casos antes das 14,00 horas do día límite fixado.

En caso de envío por correo, deberá xustificarse, baixo lema, o envío antes da hora sinalada. Neste caso, enviarase Fax (modelo **anexo IV**) con lema e xustificante da hora do envío ao nº de Fax: 988210873. Deberá gardarse en todo momento o anonimato sobre a autoría do proxecto, polo tanto deberá poñer especial atención, para non infrinxila, no caso de envíos certificados.

As solicitudes que non figuren na sede do COAG en Ourense transcorridos dez días naturais desde a data límite de recepción de propostas, serán excluídas do concurso.

9. fallo do concurso

o xurado, logo da análise e avaliación dos proxectos, emitirá informe co seu fallo, con carácter de resolución. O fallo será razoado e propondrá, como gañador, ao equipo redactor do traballo que proporcione a resposta máis axeitada á finalidade do concurso. Así mesmo, fará a correspondente proposta de asignación das mencións ata o máximo de dous.

O xurado fará pública a súa proposta dando lectura aos lemas dos premiados e a continuación dará a coñecer a súa identidade mediante a apertura dos sobres nº 1 que correspondan. Os devanditos resultados serán publicados na web do concurso. Poderá darse un prazo de cinco días hábiles aos premiados para emenda ou achega de documentación do sobre nº 1.

10. encargo definitivo

O concursante ganador subscribirá, unha vez emitido o fallo do Xurado, e antes de 10 días naturais un contrato de asistencia técnica co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, comprometéndose á entrega antes de 30 días naturais dende a firma do contrato o proxecto básico e de execución da reforma do local.

Á sinatura do contrato o COAG aboará ao arquitecto o 15% do seu importe total. No mesmo o COAG comprometerase a abonar os traballos entregados no prazo de 2 meses a partires da entrega do proxecto ou da documentación final de obra.

O non axuste do PEM do proxecto básico e de execución aos límites establecidos no **apartado 16** deste prego suporá a rescisión do contrato, o non pagamento da parte correspondente a esta fase do traballo contratado e a devolución do importe entregado a conta.

O contrato incluírá unha cláusula que contemple que, no caso de que a obra non se levase a cabo, a suspensión do mesmo, sen que isto xere dereito ningún de reclamación por ningunha das partes. Non se preverá a revisión de prezos.

11. propiedade dos traballos

Quedará en propiedade do COAG toda a documentación premiada no concurso. Celebrada a exposición pública, os concursantes non premiados poderán retirar os seus traballos presentando o recibo de entrega.

12. obrigas dos concursantes

Os concursantes obríganse, pola súa presentación ao concurso, á aceptación das presentes bases.

13. idioma

Todos os concursantes presentarán a súa documentación, así como todo tipo de correspondencia escrita que establezan co COAG en relación ao presente concurso, en castelán ou galego.

14. réxime xurídico e protección de datos

O funcionamento, convocatoria e acordos do xurado axustarase ao que se establece na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para os órganos colexiados e polos acordos que para ese fin adopte, así como, no procedente, pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

De acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase os participantes no concurso de que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten para o "Concurso para a nova sede da Delegación do COAG en Ourense" serán incluídos e tratados de forma confidencial no ficheiro do concurso cuxo responsable é o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Ao participar no concurso e cubrir a documentación correspondente os participantes autorizan expresamente que se poida levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal.

Así mesmo, os participantes poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que reconece a Lei dirixíndose por escrito ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con domicilio en Praza da Quintana nº3, casa da Conga, 15704, Santiago de Compostela, a Coruña.

15. propiedade intelectual

Os autores dos traballos conservarán a súa propiedade intelectual, cedendo os seleccionados ao órgano convocante os correspondentes dereitos de reprodución, distribución, exposición e comunicación pública, para os efectos de que poida recompilar, publicar e expor os traballos presentados, debendo citar a súa orixe e autoría.

Con posterioridade á decisión do xurado, o COAG organizará unha exposición en Ourense na que publicará os traballos premiados, sen autorización previa dos seus autores. Poderanse, igualmente, expor ou publicar todos os traballos presentados, non sendo que coa documentación do sobre nº1 se achegara escrito onde se indicara a vontade dos seus titulares no sentido contrario.

16. programa de necesidades

a. relación co espazo público inmediato:

A proposta deberá solucionar a relación visual e accesibilidade ao espazo público adxacente ao local, co fin de permitir o acceso e proxección da actividade da Delegación cara el.

b. sustentabilidade ambiental

Deberase solucionar, por medios pasivos e/ou enerxéticamente eficaces, o acondicionamento ambiental do local. Por outra banda avaliarase o emprego de solucións que redunden na reciclaxe de materiais e a optimización do custe enerxético da súa posta en obra. Neste eido a proposta poderá contemplar a re-utilización de elementos construtivos e de mobiliario existentes da actual sede da Delegación do COAG en Ourense.

c. funcionalidade

O local deberá acoller o seguinte programa de necesidades:

- Atención ao público.
- 2 despachos.
- Aseos adaptados a la normativa vixente.
- Sá de xuntanzas para 6 persoas.
- Espazo polivalente (exposicións, biblioteca, formación...)
- Almacén anexo ó espazo polivalente.
- Arquivo

Ademais a proposta deberá xustificar a posibilidade futura de ampliación do local cunha entreplanta de 40 m² útiles, empregando unha estrutura lixeira (madeira ou aceiro)

d. límite económico

A obra non deberá superar, en ningún caso, os 135.000 euros, de presuposto de contrata.

anexo I_modelo de solicitude de participación

d/d^a
con dni (1)
con enderezo en (2)
teléfono
correo electrónico
actuando (3)

solicito participar no concurso de anteproxectos para a reforma do baixo para a nova sede da delegación de Ourense do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de acordo con prego de bases que rixen o concurso, cuxo contido declaro coñecer plenamente e acepto, e a tal efecto acompaño a esta solicitude os documentos expresados nas bases, declarando no encontrarme afectado/a por ningún tipo de incompatibilidade para presentarme o mesmo.

E para que así conste, os efectos de participar no citado concurso,

Asino a presente en _____, a _____ de _____ de 2011.

Asinado:

De acordo coa lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (lopd), infórmase os participantes no concurso que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten serán incluídos e tratados de forma confidencial no ficheiro do concurso cuxo responsable é o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para o concurso para a nova sede da delegación do COAG en Ourense, ao participar no concurso e cubrir a documentación correspondente os participantes consenten expresamente que se poida levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal. así mesmo, os participantes poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que reconece a lei dirixíndose por escrito ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con domicilio na praza da Quintana nº3, casa dá Conga, 15705, Santiago de Compostela, A Coruña.

aclaración: para o caso de UTE, deberá presentar esta declaración cada un dos compoñentes/representantes da mesma. para empresas estranxeiras, a declaración incluírá a sometemento expresa á xurisdición dos xulgados e tribunais españois, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitante.

(1)_ d.n.i. ou documento que, se fose necesario, substitúao regulamentariamente.

(2)_ dirección completa, incluído código postal.

(3)_ en nome propio ou en representación ou apoderamento de: (indicar todos os datos da empresa ou UTE)

anexo II_ declaración responsable da capacidade de obrar, solvencia, e non incorrer en ningunha das prohibicións sinaladas no art. 49 da LCSP

d/dª
con dni (1)
con enderezo en (2)
teléfono
correo electrónico
actuando (3)

Declara baixo a súa responsabilidade: que en relación co concurso de anteproxectos para a reforma do baixo para a nova sede da delegación de Ourense do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e aos efectos establecidos no art. 43 e ss. da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, posúe plena capacidade de obrar e está en condicións de acreditar a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional por calquera dos medios que se citan no art. 63 e ss. da citada Lei, extremos que se compromete a acreditar, no prazo máximo de cinco días hábiles, en caso de resultar premiado no concurso.

Así mesmo, manifesta encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social imposta polas disposicións vixentes, extremo que se compromete a acreditar, no prazo máximo de cinco días hábiles, en caso de resultar premiado no concurso. igualmente, manifesta non estar incurso en ningunha das circunstancias que supón prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración, establecidas no art. 49 da LCSP

E para que así conste, os efectos de participar no citado concurso,

Asino a presente en _____, a _____ de _____ de 2011.

Asinado:

De acordo coa lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (lopd), infórmase os participantes no concurso que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten serán incluídos e tratados de forma confidencial no ficheiro do concurso cuxo responsable é o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para o concurso para a nova sede da delegación do COAG en Ourense, ao participar no concurso e cubrir a documentación correspondente os participantes consenten expresamente que se poida levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal. así mesmo, os participantes poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que recoñece a lei dirixíndose por escrito ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con domicilio na praza da Quintana nº3, casa dá Conga, 15705, Santiago de Compostela, A Coruña.

aclaración: para o caso de UTE, deberá presentar esta declaración cada un dos compoñentes/representantes da mesma. para empresas estranxeiras, a declaración incluírá a sometemento expresa á xurisdición dos xulgados e tribunais españois, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitante.

(1)_ d.n.i. ou documento que, se fose necesario, substitúao regulamentariamente.

(2)_ dirección completa, incluído código postal.

(3)_ en nome propio ou en representación ou apoderamento de: (indicar todos os datos da empresa ou UTE)

anexo III_ compromiso de constitución en unión temporal de empresas (UTE)

Decatados do no concurso de anteproxectos para a nova sede da delegación del COAG en Ourense, organizada polo COAG,

d./d^a: d.n.i.

d./d^a: d.n.i.

sociedade: c.i.f.

representada por d./d^a: d.n.i.

Manifestan o seu compromiso de constituírse en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato resultante do citado concurso, segundo as seguintes porcentaxes:

d./d^a: porcentaxe

sociedade: porcentaxe

igualmente acordan designar como representante e interlocutor único a:

d./d^a:

endereço

c.p.

teléfono fixo

teléfono móbil

Fax

correo electrónico

lugar, data e sinatura de todos os autores da proposta (do representante legal no caso de sociedades)

anexo IV_fax de anuncio de presentación das propostas por correo

De acordo co que se establece nas bases para a convocatoria do concurso para a nova sede da delegación do COAG en Ourense , anúnciase a remisión por correo da proposta co

lema:

Anexar a este escrito o xustificante de correos do envío, onde figure unicamente a data e hora de envío e o lema como único dato identificativo

non poderá figurar nin no exterior dos sobres nin no seu interior, nin no xustificante de remisión por Fax, nin en documento escrito nin gráfico algún, referencia que permita identificar os membros do equipo redactor (coa excepción dos documentos identificadores contidos dentro do sobre nº 1) distinto do lema baixo o que preséntase, sendo a vulneración desta obriga causa de exclusión.

anexo V_ membros e porcentaxes de participación dos membros do equipo

Os membros do equipo para a participación no concurso para a nova sede da delegación do COAG en Ourense, organizado pola delegación do COAG en Ourense, en coordinación con a oficina de concursos do COAG, presentados baixo o lema:

son os seguintes, indicando as súas respectivas porcentaxes de participación:

autores:

d./d^a: d.n.i porcentaxe colexiación

d./d^a: d.n.i porcentaxe colexiación

d./d^a: d.n.i porcentaxe colexiación

sendo o arquitecto nomeado como director de equipo d/d^a.

colaboradores:

d./d^a: d.n.i. profesión

d./d^a: d.n.i. profesión

d./d^a: d.n.i. profesión

anexo VI_ memoria valorada do proxecto

d/d^a
con dni (1)
con enderezo en (2)
teléfono
correo electrónico
actuando (3)

declara baixo a súa responsabilidade: que en relación coa súa proposta presentada ao concurso da nova sede da delegación do COAG en Ourense, declara que orzamento de execución material da mesma non será superior os 135.000 €.

e para que así conste, aos efectos oportunos

asino o presente en _____, a _____ de _____ de 2011.

asinado:

De acordo coa lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (lopd), infórmase os participantes no concurso que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten serán incluídos e tratados de forma confidencial no ficheiro do concurso cuxo responsable é o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para o concurso para a nova sede da delegación do COAG en Ourense, ao participar no concurso e cubrir a documentación correspondente os participantes consenten expresamente que se poida levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal. así mesmo, os participantes poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que recoñece a lei dirixíndose por escrito ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con domicilio na praza da Quintana nº3, casa dá Conga, 15705, Santiago de Compostela, A Coruña.

aclaración: para o caso de UTE, deberá presentar esta declaración cada un dos compoñentes/representantes da mesma. para empresas estranxeiras, a declaración incluírá a sometemento expresa á xurisdición dos xulgados e tribunais españois, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitante.

(1)_ d.n.i. ou documento que, se fose necesario, substitúao regulamentariamente.

(2)_ dirección completa, incluído código postal.

(3)_ en nome propio ou en representación ou apoderamento de: (indicar todos os datos da empresa ou UTE

anexo VII_ recibo de entrega

Recibín

Un exemplar (sobre 1 + sobre 2) da proposta presentada ao CONCURSO DE IDEAS PARA A NOVA SEDE DA DELEGACION DO COAG EN OURENSE, baixo o lema:

Asinado polo COAG

En Ourense a de de 2011

non poderá figurar referencia que permita identificar os membros do equipo redactor

anexo VIII_ vocal no xurado dos concursantes.

Inscrito no concurso de redacción de anteproxecto da sede da Delegación do C.O.A.G. en Ourense, convocado pola Delegación en Ourense do C.O.A.G., elixo como arquitecto designado polos concursantes residente en Galicia o arquitecto/a D/Dona

_____.

_____, a _____ de _____ de 2011

non poderá figurar referencia que permita identificar os membros do equipo redactor